

ORATORIA

A materia de **Oratoria** contribúe a aprender a falar en público preparando previamente as nosas intervencións dependendo do foro no que imos expresarnos, para participarmos na mellora colectiva e democrática da realidade que nos toca vivir, para configurarmos a nosa traxectoria académica e profesional, e para fortalecermos unha imaxe propia positiva ante nós mesmos/as e ante as demais persoas.

O traballo coa oratoria implica unha reflexión ética sobre os fins que nos propomos os seres humanos e os medios dos que nos valemos para os conseguir, unha valoración das perspectivas coas que nos achegamos a un tema de discusión e unha toma de conciencia.